

CAPELA DE SANTA MARIÑA

Dita capela está situada na ladeira do *Monte Pendón*, dende onde se divisa a Torre do Castro. A capela actual pertence a Idade Contemporánea cun estilo popular pero posiblemente houbo un antigo que debeu ser unha construción interesante. Hai continuas referencias recentes a esta capela na documentación que se conserva dende o século XVII na Parroquia de San Xoán de Piñeira de Arcos.

O edificio contou no pasado recente cun retablo maior e dous colaterais. O edificio presenta planta rectangular cuns muros feitos de perpiaño de boa labra e cornisa acabada en canveto. Ten catro vans alintelados. A porta de acceso central presenta dous fachais e un oco cadarado enriba da porta. Dita porta, aos pés, está decorada con molduras de orelleiras e flanqueada por seteiras.

Dispón de unha curisoa espadaña asentada sobre un basamento con cornixa e consta de dous corpos, cada un deles dun arco. Coroa o conxunto unha cruz latina pétreo con remates dos brazos trebolados. Varios pináculos en forma de pirámide están na fachada da ermida.

Está cuberta con teito de madeira a dúas augas, e con vigas antigas tirantes apoiadas sobre cabezas con decoración xeométrica e motivo sogueado no faldrón lateral.

No interior conservouse un retablo de gusto popular barroco. É dun corpo con tres nichos, friso e ático. A imaxe da santa gárdase na igrexa parroquial de San Xoán de Piñeira de Arcos, vestida coa túnica e o manto das virxes. Xunta as máns en oración e vai coroada, pousando os pés sobre o dragón. Tamén no interior conserváronse no pasado recente deterioradas unhas interesantes pinturas muráis no testeiro.

Tras varias décadas de abandono da ermida, o obradoiro do Concello de Sandiás “A Torre do Castro” executou no 2008 diversas reformas, entre as cales se concertu cunha empresa privada a reforma integral do teito. Houbo polémica coas obras por queixas de particulares que afirmaban que se tiraron materiais orixinais en bo estado mentras que o concello aclarou que os materiais estaban xa en condición moi deterioradas e eran inservibles.

Lendas de Santa Mariña

“ (...) No tempo dos románs subía por Piñeira de Arcos unha estrada segundeira, que cruzaba en Sandiás a Vía Nova, e que iba de cara Allariz. O camiño, antes de chegar ó lugar, ó atravesas-las *Cantelas* e o *Campinacho*, aínda leva o nome de *Vrea Vella*. É onde a lenda popular pon a Santa Mariña, gardando a veceira de ovellas. Olibrio levóuna prá cidade de Armea, onde sufriría mateiro (...)”.

Eligio Rivas Quintas, A Limia. Val da Antela e Val do Medo, Edicións do Cerne, Reproducción facsimilar, 2013, p. 312-314.

“ (...) Piñeira está en terreo chaira, pero enseguida comencan as lobs e o Monte das cantariñas. Mesmo encima de Piñeira de Riba, está o primeiro esqueiro, *O Monte Pendón*, onde rubía denantes a procesión coa Santa Mariña, que, o pe ten a súa Hermida. No *monte do Pendón*, hai un castro (...)”

Eligio Rivas Quintas, A Limia. Val da Antela e Val do Medo, Edicións do Cerne, Reproducción facsimilar, 2013, p. 312-314.

“ (...) O Castro de Piñeira está no *Monte Pendón*, por riba da capela de Santa Mariña, no comezo do *Monte das Cantariñas*. Inda ben para riba do Castro hai unos penedos cavados con grandes ouvidos. Nun distes hasta se ve como se fora unha fiestra, e a xente chámalle *O Peinador da Moura*. Está tamén a pía na que se bañaba; hai pococos, quelliñas e algunha cadeira. *O Peinador da Cabra* que tiña haber, perto da Ponte da Costa e da Sa. Mariña, hai trinta anos que o desfizeron pra ver (...)”

Eligio Rivas Quintas, A Limia. Val da Antela e Val do Medo, Edicións do Cerne, Reproducción facsimilar, 2013, p. 177-178.

A Santa Mariña da Antioquía do Bión

“(…) No que toca o nome das cidades asulagadas, a lenda foi axeitada por un argalleiro tan sonado como é Flavio dextro, no seu cronicón. Pon Antioquía perto de Xinzo, pra acomodar eiquí a Santa Mariña, verdadeira mártir de Antioquía de Pisidia. Il creo outra lenda. Di pois, que a Santa Mariña era de Antioquía do Bión. De nena, moi pequena morreulle a nai e, orfa, levárona para Piñeira de Arcos pra darlle ama de leite. Era esta boa muller cristián e cristián fillo á nena, medrando nesa fe, polo que o seu pai xa non quixo saber máis dela. Era pagán.

Medrou a rapaza indo coas ovellas prá veiga e pro Campinancho pola Vrerea Vella xogando ós coiños e á pita cega coas outras. Pola Vrerea Vella iban e viñan tratantes co seu trafego, míllites e oficiais cheos de arruallo e soberba. Ela era mociña e fermosa. Andaba coa veceira nas Cancelas, cando atravesou por alí Olibrio, prefecto Román. Era polo mes da seitura, cando se acabara de segálo pan nas searas e xa se mallaba nasa iras. Ó román entoxóuselle a rapaza, bonita e con queixadiñas de rosa. A súa madrasta que podía faguer. O seu pai, Teudio, nin quixera saber máis dela. Tratou o román de vencela. Primeiro con aloumiños, despóis con ameazas. Levouna a cidade de Armea, ó pé do que é hoxe Santa Mariña de Augas Santas. E seguiron non sei cantas formas de marteiro. O mesmo foi. Non puido coela. Ó fin houbo de degolala e a súa sagra cabeza choutou tres veces darredor do qe é hoxe a eirexa, nacendo no chau tres fontes” (...)

Eligio Rivas Quintas, A Limia. Val da Antela e Val do Medo, Edicións do Cerne, Reproducción facsimilar, 2013, p. 625, basándose en Flavio Destro; Cronicón, anno 138 e ano 300; J. Muñoz de la Cueva; Noticias históricas de la Catedral de Orense, 1728; Gervasio González; Vida de Santa Mariña, Orense 1 926.

Santa Mariña de Augas Santas

“(…) aínda que as crónicas dinnos que era filla de Teudio, gobernador do noroeste peninsular e que naceu en Antioquía, poboación situada preto de Ginzo de Limia o ano de 123 d. de Xesucristo. Orfa de nai, ás poucas horas do seu nacemento, o pai púxo a en mans dunha ama de cría, labradora de *Piñeira de Arcos*, poboación próxima a Augas Santas e abandonouna totalmente cando a nena tiña nove anos. A ama de cría criouna, educouna na relixión cristiá e administroulle o bautismo.

Mariña desde nena tívose que dedicar ao pastoreo. Á sombra dos carballos centenarios fiaba, gardaba os gandos e adoraba ao Deus dos cristiáns. Cando tiña 15 anos, estando a gardar o gando, preto da actual «*Torre de Sandianes*» un día do mes de xullo pasou por alí Olibrio, lugartenente do Emperador Romano dirixíndose desde o *Forum Limicorum* ao *Praesidium de Armea*. Cegoulle a paixón e mandou aos seus criados para que a trouxesen á súa presenza. Ao coñecer Olibrio que era cristiá e vendo que non quería acceder aos seus torpes propósitos mandouna prender e levouna ao *Castelo de Armea*, fortaleza situada no castro do devandito nome. Mandou que a encarcerasen nun calabozo escuro e que a azoutasen con varas. Como a moza permanecese firme nos seus propósitos mandou metela nun forno para queimala viva, o forno onde foi metida a santa estaba preto, próximo ao *Castro de Armea*. O Apóstolo San Pedro colléndoa polos cabelos misteriosamente logrou quitala do forno por un buraco que aínda hoxe pode verse no centro da bóveda da cripta da Basílica da Ascensión.

A Santa unha vez sacada do forno foi a refrescarse ás «*Laqarellas*» ou «*Plocas*» escavadas na roca, onde se conserva auga permanentemente. O forno onde meteron á santa era un lugar de culto precristiano onde se veneran as augas, as árbores e as pedras. Ante isto Olibrio mandou decapitala e cando o verdugo descargou o golpe mortal, a cabeza de Mariña caeu a terra e ao rodar foron brotando fontes de auga pura e cristalina que desde entón chamáronse «*Fuentes Santas*».

Os cristiáns enterraron o corpo da santa nun lugar de culto precristiano, nun enterramento megalítico, chamado máis tarde cámara funeraria castrexa e hoxe «*Forno da Santa*». Devandito lugar despois do martirio comezou a cristianizarse nacendo así as *fontes santas*, o *sepulcro da santa*, o *carballo da santa* e a *Santa da «Pedra»*. Ás agachadas comezaron a rezarlle coma se dunha Santa tratácese. Pronto o sepulcro de Mariña atraeu enfermos e penitentes.

Á beira do sepulcro xurdiu primeiro un eremitorio e máis tarde un templo. As raíces da devoción a *Santa Mariña de Augas Santas* están envolvidas en lendas baixo as cales se oculta a realidade histórica. En Santa Mariña de Augas Santas a lenda confúndese coa realidade histórica. A Terra dos Límicos é unha terra de lendas como nolos indican a do río Lethes, ou río do Esquecemento,

a da Cidade Asulagada , a de Antioquía, a do Castro ou Cibda de Armea, a do Monte das Casarellas e a do Forno da Santa , un lugar situado fóra do recinto castrexo pero de época castrexa ou anterior dado que alí cóstanos que houbo enterramentos megalíticos. Non se trata como queren algúns dun antigo altar de sacrificios humanos, nin dun forno crematorio senón dun antigo cemiterio. Hoxe constitúe a cripta da Basílica da Ascensión . A lenda explicación mítica da realidade fixo da Santa unha pastora naquelas terras , un personaxe real ocupado nas mesmas labores en que se ocupaban os veciños da comarca. Unha Santa próxima ás xentes que vivían na Depresión da Rabeda.

Dinos Muñoz da Cova que alí houbo un asentamento castrexo que o identifica co Castro de Armea, próximo ao chamado « Carbatlo da Santa». Outros identifican o Castro de Armea coa Mansión Saeientibus da via XVIII que vai de Braga a Astorga . O Castro tivo diversos accesos e permaneceu habitado na época galaico-romana e na alta Idade Media. Polas escavacións cóstanos que na súa contorna houbo vilas romanas datadas na segunda metade do século 11 a. de Xesucristo. Está vinculado pola tradición e a lenda á vida e ao martirio da Santa , ao monte das casarellas, , ao pretorio de Olibrio e na actualidade ao «Outeiro dos Pendóns» e á «Basílica da Ascensión ».

Na contorna do pobo onde hoxe levántase o templo formouse un primitivo eremitorio e un cenobio, asentamentos de xentes que se retiraban do mundo para atoparse con Deus na soidade, onde segundo a tradición estivo enterrada a Santa , máis tarde levantouse alí un templo prerrománico, visigótico-mozárabe, lonxe do castro, nun lugar onde se asentou xa antes a poboación castrexa. Alí instalárase un panteón semellante ao que hoxe se conserva no templo actual de Santa Mariña de Augas Santas, onde estivo enterrada a Santa ata que se levantou o templo actual. Tamén se trasladou alí o cemiterio (4). O templo púxose baixo a advocación de Santa Mariña de Augas Santas . Unha das advocacións máis antigas da diocese de Ourense como nolo confirman Ambrosio de Morais, o P. Florez e o Bispo Muñoz da Cova (...).

Enrique Bande Rodríguez, Santa Mariña de Augas Santas. Traducido ao galego

A tradición a través de San Frai Felipe de la Gándara

“ (...) A tradición piadosa e Gándara indican que foi aquí onde Santa Mariña pasou os primeiros anos da súa vida. Nace arredor do ano 123 d.C, filla dun gobernador romano Teudio, destacado no territorio limiao na cidade de *Antioquía* ou *Aphiloquía*. Ao falecer a súa nai no parto o pai buscou unha ama de cría que atopou nunha labrega de *Piñeira de Arcos*.

A ama era cristiá e educou a nena na súa fe relixiosa. Foi crecendo en beleza e en piedade, como revela a milagre dos paxaros que obrou San Francisco de Asís cando acudiu a coidar o seu abañ mentres a nena asistía á misa.

Cando Mariña tña 15 anos, estando dedicado ao seus laobres pastorías, pasou cerca da traza da vía romana, camiño de Sandiás, un prefecto romano de nome Olibrio quen, namorado da súa beleza, pediu aos seus serventes que a levasen a súa presenza.

A moza negouse aos desexos do prefecto e foi sometida a penalidades e tormentos, primeriro no látigo e despois os grafos, de cuxa feridas sandou case inmediatamente. A súa apititude e os seus prodixios moveron a moita xente á conversión. Novamente en prisión, Mariña viuse tantada polo demo en forma de dragón, co que habitualmente é representada na súa iconografía.

Santa Mariña, Virxen, mártir e santa

“ (...) O relato da vida de Santa Mariña señala a villa de Xinzo de Limia como o lugar do seu nacemento, nun entorno cercano a lagoa de Antela chamada Antiochía. Por entón, a comarca da Limia era unha poboación moi romanizada (*Forum Limicorum*), por onde transcurría a Vía Nova XVIII que unía as poboacións de Bracara (Braga) e Asstrurica (Astorga). Cando naceu Mariña, os romanos levaban nestas terras casi trescentos anos de colonización, dende a campaña de Décimo xuño Bruto (o “*Galaicus*”), no ano 136 a.C.

O seu pai, chamado Theudio ou Teódulo, foi un persoaxe significado, con poder, naquel contexto da romanización. A sua nai, cuxo nome se ignora, morreu no parto da nena. Por necesidades da

crianza, seu pai elixiu a unha boa muller para nodriza da sua filla,, seguindo as recomendacións dos médicos do momento, como sorano de Éfeso.

Theudio elixiu a unha labradora da cercana Pinnitus (Piñeira de Arcos), que presentaba as características exigidas. Esta muller pasou a historia como “Aya” de Mariña. Cóntase que aquela comunidade foi visitada e animada polo plesbítero Teótimo, quen tivo ocasión de acompañar a Mariña durante o seu cautiverio e martirio, según conta Juan Muñóz de la Cueva tras consultar un manuscrito de fray Egidio de Zamora (século XVIII), quen “testifica que a historia de esta santa copiouna dun escrito do santo sacerdote Theótimo, a quen tamén cita o breviario de Palencia, que asistitu e consolou a Santa Mariña facéndose presente no seu martirio”.

Educada pola súa aya, optou pola vida cristiá e recibiu o bautismo que a separou definitivamente do seu pai Theudio, dos ideais da familia natural e dos obxectivos do Imperio romano, do cal era cidadá. Viviu a vida ordinaria dunha casa rural, dedicada a labranza e a o pastoreo, que foi alterada un día en que, quinceañeira, estando ela gardando o gando, nun espazo próximo a vía qwue conducía ao *presidum* da *cibdá de Armea*, o xoven prefecto Olibrio viuna por casualidade e encaprichouse dela, queréndoa por esposa, concubina ou esclava, según reclamaba o dereito matrimonial romano. Negándose ela repetidamente as pretensións do prefecto, éste chegou a acusala de cristiá para desfacerse dela (...)

Arturo L. Fuentes Varela en <http://dbe.rah.es/biografias/128869/santa-marina-de-aguas-santas>

DOCUMENTACIÓN:

- Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do concello de Sandiás.
- Ficha do Inventario do Patrimonio Arquitectónico de Interés Histórico Artístico do Ministerio de Cultura.
- <http://www.altalimia.org/pdf/050063.pdf>
- Eligio Rivas Quintas, A Limia. Val da Antela e Val do Medo, Edicións do Cerne, Reproducción facsimilar, 2013, p. 312-314.
- Yolanda Barriocanal López, “ Arquitectura relixiosa da Limia” en Xulio Rodríguez Glez (Ed.); Patrimonio Cultural da Alta Limia. Discurso histórico e ordenación do territorio, Fundación Barrié, 2013, p. 323
- <http://dbe.rah.es/biografias/128869/santa-marina-de-aguas-santas>
- Yolanda Barriocanal López<, O Camiño Real de Castela a Santiago por Ourense, base do camiño de peregrinación. Vía da Prata; Xunta de Galicia e Grupo Marcelo Macías, 2011, p. 25